

BAUHAUS

1919-2019

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Con motivo do **centenario da creación da Bauhaus**, desde a Fundación Luis Seoane propoñemos a posta en marcha de **oito obradoiros dedicados ás mulleres que investigaron e crearon no eido textil:**

GUNTA STOLZL [Munich, Alemania 1897- Zurich, Suiza 1983]

ANNI ALBERS [Berlín, Alemania 1899 - Connecticut, EEUU 1994]

GERTRUD ARNDT [Silesia, Polonia 1903 - Darmstadt, Alemania 2000]

LENA BERGNER [Coburgo, Alemania 1906 - Basilea, Suiza 1981]

OTTI BERGER [Baranya, Hungría 1898 - Auschwitz, Polonia 1944]

Todas elas foron creadoras, xestoras e teóricas do movemento estético que mudou a forma de ollar a concepción do deseño, da cor e da arte en termos xerais. Á marxe da súa participación na escola da Bauhaus, todas elas construíron unha carreira de xeito individual na que desenvolveron importantes traballos de creación textil, mesturados con disciplinas como o deseño ou a fotografía.

Cabe salientar que a súa condición feminina foi tamén un motivo de marxinación dentro da propia Bauhaus, que fixo que os seus traballos quedaran relegados a un plano secundario.

AO COIDADO DE
MARÍA TOMÉ AZUAR

HORARIO 17,00 a 19,30 horas

DATAS:

18, 25 DE OUTUBRO

8, 15, 22, 29 DE NOVEMBRO

13, 20 DE DECEMBRO



**OBRADOIRO
E ACCIÓNS
RELATIVOS ÁS
MULLERES DO
EIDO TEXTIL
DA BAUHAUS**

PROGRAMA DO CURSO >>

O programa contará con oito sesións de carácter práctico nas que **María Tomé Azuar**, Graduada pola EASD Pablo Picasso da Coruña, abrirá aos alumnos unha serie de campos de traballo que exploran, precisamente, os camiños trazados polas cinco artistas. Para comprender e compartir o labor destas cinco mulleres, faranse 3 sesións previas que desembocarán nas liñas que levaron as creadoras. Todas as sesións teñen un corpus eminentemente práctico cunha aproximación teórica para que os alumnos poidan afondar no seu traballo.

William Morris. Walthamstow 1834-Londres 1896 (UK)

Arquitecto, artesano textil, deseñador, novelista e activista social. Rematou a súa vida coma político activo do movemento socialista británico. Creador do movemento Arts & Crafts, a través do que propuxo a recuperación dos oficios artesanais fronte á industrialización, coa que sen dúbida disentía por empobrecer as realidades sociais da clase traballadora. Funda en 1875 a empresa Morris and Company, referencia en papeis pintados e textís.

Análise do traballo de estampación de papeis e teas de William Morris.

Estampación sobre papel e tea con follas de plantas naturais, empregando pintura acrílica e de tea. Completándose os debuxos a man alzada.



Piet Mondrián. Amersfoort, Utrecht, Países Baixos 1872- Nova York, 1944

Análise do traballo de Piet Mondrian e do movemento De Stijl e a pintura do neoplasticismo.

A influencia de Mondrian nas artes plásticas foi determinante para elevar á categoría artística o deseño gráfico e o deseño de mobles.

Traballaremos con liñas, planos etc., aos que chegaremos encintando bases de madeira, cartón ou pospelán. Pintando con acrílicos en cores planas.




Vassily Kandinsky. Moscú , Imperio Ruso 1866- Neuilly-sur-Seine, Francia 1944

Vassily Kandinsky. Moscú , Imperio Ruso 1866- Neuilly-sur-Seine, Francia 1944

Profesor da Bauhaus entre 1922 e 1933. A súa personalidade singular foi unha clara influencia para os seus alumnos. Autor de frases nas que enunciaba: "A arte vai máis alá do seu tempo e leva parte do futuro"

Análise do traballo de Vassily Kandinsky.

Traballaremos coa técnica do collage para desenvolver traballos sobre estudos de cor do autor.



4º SESIÓN 15 de novembro. <<



GUNTA STOZLI

[Munich, Alemania 1897-
Zurich, Suiza 1983]

Profesora e directora do obradoiro textil de 1927 a 1931. O director da Bauhaus, Mies Van der Rohe, presionado polos nazis en 1931, solicita a súa dimisión, pois ela casouse co arquitecto xudeo Arieh Sharon.

Na Suiza funda a súa propia empresa textil e as súas obras atópanse no MOMA de Nova York e no Victoria & Albert Museum de Londres.



7º SESIÓN 13 de decembro. <<



LENA BERGNER

[Coburgo, Alemania 1906 -
Basilea, Suiza 1981]

Formada na Bauhaus desenvolveu traballos en México onde viviu co seu esposo, o arquitecto Hannes Meyer, quen tamén fora profesor da Bauhaus e da Escola de Arquitectura de México. Estando ambos os dous vinculados a proxectos sociais.



5º SESIÓN 22 de novembro. <<



ANNI ALBERS

[Berlín, Alemania 1899 -
Connecticut, EEUU 1994]

Proven dunha familia xudea de editores e deseñadores de mobles. Ten unha vocación artística que fai que se gradúe na Escola Superior de Arte de Hamburgo.

Xunto ao seo esposo, Josef Albers, víronse obrigados a fuxir do avance do nazismo. En América Latina estuda e pon en práctica novas técnicas de tecido.



6º SESIÓN 29 de novembro. <<




GERTRUD ARNDT

[Silesia, Polonia 1903 -
Darmstadt, Alemania 2000]

Vocación de arquitecta, tecedora e gran fotógrafa.

Casada co arquitecto Alfred Arndt.



8º SESIÓN 20 de decembro. <<




OTTI BERGER

[Baranya, Hungría 1898 -
Auschwitz, Polonia 1944]

Formada na Escola de Artes e Oficios de Zagreb e na Bauhaus onde, en 1931, foi directora do taller textil. Realizou importantes investigacións sobre tecidos, teares e a súa relación coa industria.

Desde Londres, onde tiña fuxido da presión dos nazis, voltou á Alemania para coidar da súa nai enferma. Foi levada con toda a familia ao exterminio en Auschwitz.





OBRADOIRO E ACCIÓNS RELATIVOS ÁS MULLERES DO EIDO TEXTIL DA BAUHAUS

HORARIO 17,00 a 19,30 horas
50€ [Materiais incluídos na matrícula]

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS:

ENDEREZO:

CORREO ELECTRÓNICO:

PÓDESE ENVIAR O FORMULARIO DE INSCRICIÓN POR CORREO ELECTRÓNICO / FAX

Nº de conta: **ABANCA ES64 2080 0008 31 3040016673**

Email: info@fundacionluisseoane.gal

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Personais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais inscritos nesta actividade é a Fundación Luis Seoane, con enderezo na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas da Fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por correo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida pola Fundación, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer, para a súa publicación tanto na páxina web oficial da Fundación, con dominio www.fundacionluisseoane.gal, no perfil aberto en Facebook, Instagram e Twitter co nome "Fundación Luis Seoane", e/ou en publicacións que se poidan efectuar en medios de comunicación sobre os eventos e actividades organizados pola área de cultura da Fundación. Por favor marque a casa que se axuste, en cada caso, aos permisos que quere darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

Sí, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos, nos que eu poida aparecer a través das devanditas canles.

Non dou o meu consentimento para que publiquen imaxes e/ou vídeos, nos que eu poida aparecer.

A Fundación Luis Seoane infórmaslle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida ao enderezo enriba indicado, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron dende que se outorgou o consentimento ata que vostede nolo retire.